



Sesión ordinaria do 13 de febreiro de 2006

<p>Asistentes</p> <p>D. Docampo Amoedo (Presidente)</p> <p>A. Mazaira Castro (Vicerreitor de P.D.C.O.)</p> <p>J.A. Fraiz Brea</p> <p>J. F. Gálvez Gálvez</p> <p>J.C. Mejuto Fernández</p> <p>P. Rabanal Carbajo</p> <p>S. Reboreda Morillo A. García Masegosa</p> <p>V. Jato Rodríguez</p> <p>M. Suárez Pazos</p> <p>J. Campos Casal</p> <p>J. Varasa Paredes</p> <p>L. Pérez Gómez</p> <p>F. Rivas Conde</p>	<p>No Salón de Graos do edificio de Facultades, coa asistencia dos compoñentes, citados á marxe, desculpando a súa asistencia o profesor Javier Rodeiro e o alumno Anxo Manuel Fernández, reúnese o Consello de Campus de Ourense en sesión ordinaria o día 13 de febreiro de 2006, ás 12,45 horas, en segunda convocatoria, coa seguinte orde do día:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior</li><li>2. Informe do presidente</li><li>3. Adaptación do programa Cultura Aberta</li><li>4. Estudo de Fluxos de Tráfico e Permanencia</li><li>5. Rolda aberta de preguntas</li></ol> <p><b>1. Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores</b> Apróbanse as actas correspondentes á sesión ordinaria do 11 de Xaneiro de 2005 e á extraordinaria do 4 de maio de 2005</p> <p><b>2. Informe do Presidente</b> O reitor na súa calidade de presidente do Consello de Campus procedeu a informar, entre outros aspectos, dos seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>a.- Informe sobre os Postgraos oficiais a implantar de xeito experimental no SUG no curso 2006-07.</li><li>b.- Informe sobre o plan das actuacións contempladas para o Campus de Ourense no 2006. Deuse información relativa ás obras e proxectos en marcha no Campus mais relevantes: CITI, piscina universitaria, construción de pistas polideportivas, construción de espazos comúns no soto do Edificio de Facultades. II fase de climatización do Edificio Politécnico, ampliación do Edificio Politécnico, acondicionamento dos sotos no pavillón 1, programa de sinalización de edificios, posta en marcha da nova aula informática no Edificio Xurídico-Empresarial</li><li>c.- Adxudicación das axudas contempladas na Convocatoria InOu financiadas pola Deputación de Ourense (RR dispoñible na páxina web)</li><li>d.- Previsión de actuación no Campus de Ourense a través do programa Sinarxis</li></ol> <p><b>3. Adaptación do Programa Cultura Aberta</b> En liña coa adaptación feita recentemente da normativa de libre elección, propónse a concesión dun crédito de libre elección por cada 20 horas de actividades realizadas no marco do programa</p>
---	--



“Cultura Aberta” do Campus Universitario de Ourense.

**4. Estudo de Fluxos de Tráfico e Permanencia de Vehículos no Campus de Ourense**

(Realizado polo Tribunal de Garantías)

Neste mesmo punto, despois de facer entrega aos membros do Consello de Campus do informe de fluxos de tráfico e permanencia de vehículos no Campus de Ourense realizado polo Tribunal de Garantías, e tras o correspondente debate, acordouse pospor a normativa en marcha da nova tarxeta intelixente da Universidade

**5. Rolda aberta de intervencións**

O alumno Campos Casal solicita, ao igual que os CAEF, máis información sobre o uso das enerxías renovables.

O profesor Fraiz Brea pregunta quen coordina o posgrao de Turismo

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14 horas, levántase a sesión.

De todo isto dou fe como secretaria

Vº e Pr. O Presidente

A Secretaria

Asdo.

Domingo Docampo Amoedo

Asdo.

Mercedes Suárez Pazos